

A rosa e a espada

María Xesús Nogueira Pereira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NOGUEIRA PEREIRA, MARÍA XESÚS (2011 [2003]). “A rosa e a espada”.
Grial: 159, 96-97. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1356>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

NOGUEIRA PEREIRA, MARÍA XESÚS (2003). “A rosa e a espada”. *Grial*: 159, 96-97.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.


carga narcótica con respecto ao primeiro libro de narracións. Agardamos que en próximas entregas se atine coa medida precisa para poder saborear gustosamente estes bebezidos ■ **Inmaculada Otero Varela**

A rosa e a espada

OBRA POÉTICA COMPLETA

ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

Espiral Maior | 2003 | 480 páxinas



Como é sabido, o traballo de edición, nas súas diferentes facetas, vén sendo, ano tras ano, un dos froitos máis agardados de todas as actividades relacionadas coa celebración do Día das Letras Galegas. Especialmente interesante resulta este labor naqueles casos nos que o escritor homenaxeado presenta problemas de lexibilidade derivados do carácter inaccesible da súa obra.

Con este perfil, o de autor dunha obra esgotada, dispersa e, en menor medida, inédita, correspóndese Antón Avilés de Taramancos, a quen se lle dedicou este ano a efeméride. Non de balde, estudosos e voces críticas coincidiron en afirmar que o descoñecemento do escritor a comezos dos anos oitenta estaba motivado tanto pola súa prolongada estadía en Colombia como pola dificultade de acceder

ás súas primeiras —e ata daquela únicas— publicacións: *As moradiñas do vento* (1955) e *A frauta i-o garamelo* (1959). Neste senso, tense destacado o papel crucial desempeñado polo volume *O tempo no espello* (1982) que, como se sabe, reproducía os dous poemarios anteriores e incorporaba toda a poesía escrita ata aquel momento polo autor noiés. Cunha presentación de Salvador García-Bodaño, reproducida nun anexo destas obras completas, o libro supuxo un chanzo fundamental nun proceso de recuperación da normalidade —tanto da escritura como da edición— que culminou coa publicación de *Cantos caucanos* (1986) na desaparecida colección Leliadoura de Sotelo Blanco, logo dunha edición de autor de reducida tiraxe. Na mesma liña debemos situar a reedición de *A frauta i-o garamelo* (2000) publicada por Follas Novas.

Entre as novidades editoriais no relativo á obra de Avilés aparecidas no que vai de ano —*Antoloxía poética*, preparada por Ana Romaní; *Cantos caucanos*, nunha documentada edición de Martín Veiga; e a reedición de *As torres no ar* na renovada colección Dombate—, a *Obra poética completa* sobrancea polo coidado paratextual, do que tan só se sente nostalgia dalgunha ilustración do propio poeta, aínda que isto elevaría, e quizais de maneira excesiva, os custos (estou a pensar, por exemplo, nas de *Última fuxida a Harar*). Por outra banda, a publicación destaca tamén polo seu carácter novidoso, ao incorporar textos de localización pouco doada e outros inéditos.

Logo dun breve limiar da autoría de quen neste ano se amosou como un dos grandes coñecedores da biobibliografía do noiés, Xosé María Álvarez Cáccamo, o volume inclúe, por orde cronolóxica e sometidos a unha normativización ortográfica, os distintos poemarios éditos, tanto aqueles que apareceron en edición exenta —os mencionados *As moradiñas do vento* e *A frauta i-o garamelo*; *Cantos caucanos*; *As torres no ar* (1989) e *Última*

fuxida a Harar (1992)—, coma os incluídos en *O tempo no espello* —*Poemas a Fina Barrios*. *Pequeno Canto* (1959); *Poemas soltos a Maricarme Pereira* (1961); *Os poemas da ausencia* (1936-1969); e *Nova crónica de Ulises* (1978).

Con todo, a maior novidade supón a compilación de textos levada a cabo nas seccións “Obra poética dispersa” e “Obra poética inédita”.

Na primeira delas inclúese un conxunto abondo heteroxéneo de textos que van desde aqueles primeiros poemas, tantas veces citados polos biógrafos, da revista *Tapal* ata os aparecidos en *Dorna*, *A Nosa Terra* ou o *Boletín Galego de Literatura* —a “Obra inmisericorde”—, pasando por outras publicacións periódicas como *Lar*, *Aturuxo* ou *Caravela de xiada*. A este material debemos engadir os poemas que foran incluídos en volumes colectivos ou escritos para a súa lectura nun determinado evento, case sempre de homenaxe. É o caso de “Tríptico a Rosalía” (*Rosalía cen anos despois*), “Soedade Penalta cría o mundo en seis días” (catálogo da exposición *Soledad Penalta. Escultora*), “Tres sonetos a Rosa” (*Catálogo da exposición de Rosa Fernández Caamaño*) ou “O rapaz de sorriso pequena” (*Exposición-homenaje póstumo a José Ramón Vilar Chao*). Tanto estes textos coma outros aparecidos igualmente en soportes pouco convencionais (“Canto de nenos en roda”, no programa oficial das festas de San Juan Bautista, en Sarria; “O vello Xan”, na homenaxe a Xan Bouzas Lariño; ou “Non é Galiza, non”, aparecido no Especial Mocidade Galiza Nova) amósannos a figura dun escritor xeneroso e comprometido, que puxo o seu verso ao dispor de causas diversas. Por outra banda, é posible identificar aquí algunhas das principais liñas temático-estilísticas cultivadas ao longo da súa vida. De entre elas salienta, quizais pola natureza e destino dos textos escolmados, a poesía de contidos políticos, coa formalización de motivos como a homenaxe aos heroes, nomeadamente Castelao e Bóve-

da, e á patria. Sirvan como exemplo “A Castelao” (1953), “A escada de Daniel” (1984), o mencionado “Non é Galiza, non” (1991) ou “;Esa orfandade! ;Esta bandeira asolagada en sangue!” (1986), escrito “na memoria de Alexandre Bóveda no cincuentenario do seu martirio” e recollido en *Obra viva*.

Máis sorprendente resulta a lectura da sección “Obra poética inédita”, que reúne un conxunto de textos producidos, segundo os datos cronolóxicos que se ofrecen, fundamentalmente ao longo da década dos oitenta. Chaman a atención, ademais, dous textos anteriores: “Lux aeterna”, datado en Cali en 1966, que anticipa a poesía telúrica de *Cantos caucanos* e o “Preceito do sacramento da saudade”, de 1968.

Nunha boa parte dos textos referidos resulta doado identificar as principais constantes temáticas de Avilés: a terra (“Cavar”), o mar (“O vello Pontella”; “A buguina anuncia os pábulos da illa”) e o amor (“Hai cinco días que non vés”, “Hei de abanear no teu corazón” ou “O meu amor coida as roseiras”). A esta época corresponde tamén un número importante de sonetos, algún deles de corte claramente culturalista (“Loreto”, “Xoaquina”). Dentro do conxunto atopamos aínda pezas singulares, como “Alfonso Abelenda pilotando o grande navío da cidade nas noites da nosa mocidade”, que evoca os espazos e protagonistas da bohemia coruñesa dos anos cincuenta. A temática social está tamén presente nestes textos inéditos, nos que se poden rastrexar algúns motivos recorrentes na obra do escritor, como a denuncia social (“Doime o noso país pedindo esmola”), a figura de Castelao (“O regreso”), o pobo (“Límites”, “Pan de millo”, “Aixada”), e mesmo algún poema de chamamento á construción da patria que lembran o memorable “Fusquenlla” que pechaba a *Última fuxida a Harar*:

Canteiros, albaneis, homes do gran triángulo meioeval,

constructores do ollo de Deus, do albor da pedra milenaria, do sinal, do misterio, da cooperativa, da irmandade, eu vos convoco a construír cantando alicerces nos puntos cardinais.

Dentro desta liña, resulta igualmente sorprendente o poema “A balada de Ronald Reagan”, datado en 1985, próximo a composicións como “Hai que matar a Superman”, incluído en *O tempo no espello*. Uns e outros evidencian a importancia da voz social na poesía de Avilés.

En xeral, a escolma de textos inéditos dista moito de ser unha simple colectánea de esbozos e textos excluídos con valor meramente documental. Ben ao contrario, atopamos nela pezas de calidade notable. Fóra disto, o material ilustra acerca da riqueza temática e expresiva do autor, así como da intensa actividade literaria que levou a cabo ao longo da década dos oitenta.

A *Obra poética completa* péchase coa sección “Traducións”, na que se recollen os dous poemarios versionados polo escritor, *Crónica*, de Saint-John Perse, de difícil acceso hoxe en día, e *Cemiterio mariño*, de Paul Valéry.

A reunión dunha obra dispersa e a incorporación de textos pouco accesibles e mesmo descoñecidos confire, xa que logo, un valor engadido ao volume e achéganos a unha voz de rexistros varios que, tanto nos seus poemarios como nos textos inéditos ou circunstanciais, quixo amosarse inserido nunha tradición e nun pobo e, sabedor disto, escribir coa súa pluma *amor, Terra, Nausikaa e Patria*:

E con eles

a cada un de vós, os que levades o facho aceso da victoria.

Escoito ese clamor e o marmurío que vén de antigo onde resoan cítaras: de Meendiño a Pondal, de Celso a Fernán Vello.

(E hai un poeta galáctico que me olla desde o cuarto milenio a tanxer harpas coa mesma voz na rota das estrelas).

É dese canto

que me nace esta rosa na garganta.

E a miña espada afiada. ■

María Xesús Nogueira Pereira


Verbo da emoción, nunha lingua única

VINTE CADERNOS (POEMAS 1969-2002)

DARÍO XOHÁN CABANA

Xerais | 2003 | 540 páxinas

Creo na poesía sentimental”, dicía o poeta Darío Xohán Cabana (Roás, 1952) nunha recente entrevista publicada no semanario *A Nosa Terra* con motivo da aparición deste volume, no que se compila toda a súa obra poética desde os seus albores en 1969 ata o pasado ano. Se houbera que resumir esta persoal traxectoria de 33 anos de creación lírica abundaría con unir a ese tórculo de poesía sentimental, de poesía das emocións, a tinta dunha lingua única para estamparmos unha opinión



certeira e precisa. De feito, o libro xunta, en disposición cronolóxica, todos os versos escritos por Cabana ata a idade do medio século, que o propio autor considerou como unha cifra simbólica para render contas do seu oficio poético. En rigor non se trata dunha *opera omnia*, dunha banda porque o autor confesaba na citada entrevista: “Nin comezo unha nova etapa nin pensei en deixar de escribir”, doutra porque a recollei-